

Cara unha Constituición Verde da UE

TORNANDO MAIS VERDE A PROPOSICIÓN DA CONVENCÓN EUROPEIA

Agosto de 2003

Contido

Propósito deste posicionamento.....	2
As Green Eight e a Convención Europea.....	3
Introdución.....	4
Valoración do traballo da Convención Europea.....	5

Propostas das Green Eight para a Constituición Europea

Introdución.....	7
Emendas propostas à proposta final da Convención Europea.....	9-37
Inclusión dun Protocolo sobre Desenvolvemento Sustentábel (emendas ao texto proposto pola Comisaría Wallström).....	39

Cara unha Constitución Verde da UE

FAZENDO VERDE A PROPOSICIÓN DA CONVENCIÓN EUROPEIA

O borrador dunha Constitución para a Unión Europea crea unha oportunidade única de consolidar a posición da UE como líder mundial na posta en marcha do desenvolvemento sustentábel creando unha estrutura legal coherente con políticas ambiciosas e inovadoras.

PROPÓSITO DESTE POSICIONAMENTO

Este documento presenta a perspectiva das principais organizacións ambientais europeas sobre o borrador da Constitución Europea. Presentamos suxestións simples, realistas e concretas para emendar o texto do borrador da Constitución tal e como foi ultimado pola Convención Europea.

O noso documento está dirixido a:

- ▶ a **Comisión Europea** e o **Parlamento Europeu**, que deben acordar unha recomendación sobre a Constitución Europea este Setembro.
- ▶ os **governos dos Estados-Membro e os países de próxima incorporación**, que comezarán as negociacións na Convención Intergovernamental.
- ▶ Membros dos **Parlamentos Nacionais**. Os Parlamentos Nacionais estiveron representados na Convención Europea. Aguardamos continuen coa súa participación activa através dos seus respectivos gobernos.
- ▶ **qualquer** interesado en promover a mellora do ambiente e o desenvolvemento sustentábel dentro e fora da Unión Europea. Aguardamos que esta publicación @s axude a tomar parte no debate público, e e en particular a se dirixir aos decisores políticos.

As Green Eight e a Convención Europea

As Green Eight son as oito principais organizacións ambientais activas a nivel da UE. Os membros das Green Eight teñen unha longa tradición de actuación conxunta en asuntos "constitucionais". Presentaron posicións conxuntas sobre os tratados de Maastricht, Amsterdam e Niza contribuíndo así ás disposicións para o desenvolvemento sustentábel e á integración das políticas ambientais no tratado existente.

Desde o comezo do traballo da Convención Europea, as Green Eight teñen presentado posicións comúns e emprendido unha serie de accións para se achegar aos membros da Convención.

Sen embargo, como parte da mais extensa axenda da "sociedade civil", as Green Eight son tamén parte do Grupo de Contacto da Sociedade Civil. Este grupo mais amplo reúne a ONGs para o desenvolvemento, ambientais, de dereitos humanos e sociais e à Confederación Europea de Sindicatos. Fixo campaña para o diálogo entre a Convención e a sociedade civil organizada. Tamén formulou posicións comúns sobre, en particular, desenvolvemento sustentábel e democracia participativa. Comezou unha campaña denominada Act4Europe (www.act4europe.com).

BIRDLIFE INTERNATIONAL

European Community Office
Rue de la Loi, 81 B – 1040 Bruxelles
Belgium
Tel: +32 2 230 38 02
e-mail: bleco@birdlifeeco.net
<http://www.birdlife.org>

CLIMATE ACTION NETWORK EUROPE

Rue de la Charité, 48 B – 1210 Bruxelles
Belgium
Tel: +32 2 229 52 20 Fax: +32 2 229 52 29
e-mail: info@climnet.org
<http://www.climnet.org>

EUROPEAN ENVIRONMENT BUREAU (EEB)

Bld. de Waterloo, 34 B – 1000 Bruxelles
Belgium
Tel: +32 2 289 10 90 Fax: +32 2 289 10 99
e-mail: eeb@eb.org
<http://www.eeb.org>

FRIENDS OF THE EARTH EUROPE (FoEE)

Rue Blanche, 15 B – 1050 Bruxelles
Belgium
Tel: +32 2 542 01 80 Fax: +32 2 537 55 96
e-mail: info@foeeurope.org
<http://www.foeeurope.org>

INTERNATIONAL FRIENDS OF NATURE

Diefenbachgasse 36
A – 1150 Wien
Austria
Tel: +43 1 892 38 77 Fax: +43 1 812 97 89
e-mail: nfi@nfi.at
<http://www.nfi.at>

GREENPEACE INTERNATIONAL

European Unit
Chaussée de Haecht, 159 B – 1030 Bruxelles
Belgium
Tel: +32 2 274 1900 Fax: +32 2 274 19 10
e-mail: european.unit@diala.greenpeace.org
<http://eu.greenpeace.org>

THE EUROPEAN FEDERATION FOR TRANSPORT AND ENVIRONMENT (T&E)

Bld. de Waterloo, 34 B – 1000 Bruxelles
Belgium
Tel: +32 2 502 99 09 Fax: +32 2 509 99 08
e-mail: info@t-e.nu
<http://www.t-e.nu>

WWF – WORLD WIDE FUND FOR NATURE

European Policy Office
Avenue de Tervuren, 36 B – 1040 Bruxelles
Belgium
Tel: +32 2 743 88 00 Fax: +32 2 743 8819
e-mail: wwf-epo@wwfepo.org
<http://www.panda.org/epo>

Introdución

Apartir de Outubro de 2003, os Estados-Membro da UE e os países de próxima incorporación negociarán unha Constituición da UE para reemprazar os existentes Tratados da Unión Europea, Comunidade Europea e Euratom. A Convención Europea recibiu o mandado de producir un borrador comprensivo para esta Constituición. Sen embargo, non cremos que o borrador da Convención sexa suficiente para permitir à Unión Europea desenvolver-se dun modo sustentábel:

- ▶ **Políticas da Unión:** A maior fraqueza está nos capítulos de políticas (Parte III) do borrador de Constituición. Moitos deles foron traídos desde o saínte Tratado da Comunidade Europea sen reconsiderar os seus obxectivos. Tal e como se atopan, fan que as políticas sectoriais da UE entren en conflito cos obxectivos xerais de desenvolvemento sustentábel e mellora do ambiente. Non se ocupar disto non será entendido pola sociedade civil. Non nos podemos atrancar con prioridades políticas acordadas hai décadas nun contexto completamente diferente.
- ▶ **Democracia Participativa:** A "democracia participativa" é un elemento esencial do desenvolvemento sustentábel. A Constituición debería definir uns requerimentos mínimos para a participación pública e dar à cidadanía o dereito a recusar às institucións da UE perante o Tribunal Europeo de Xustiza nos casos en que estas institucións violen a lei e as políticas da UE.
- ▶ **Democracia Parlamentar:** A Convención propuxo expandir a co-decisión en moitas áreas importantes para o ambiente e o desenvolvemento sustentábel. Este traballo necesita ser completado. A codecisión para o Parlamento Europeo debería ser a regra para todas as áreas relevantes para o ambiente.
- ▶ **Protocolo de Desenvolvemento Sustentábel:** Apoiamos a iniciativa da Comisaría Wallström para engadir un protocolo sobre Desenvolvemento Sustentábel. Isto asegurará que o desenvolvemento sustentábel, axeitadamente definido, sexa fundamental para o día-a-día das actividades da UE.
- ▶ **O Tratado Euratom** data dos 1950, quando a enerxía nuclear era percebida como unha fonte de enerxía segura. Agora que os perigos, custe e problemas relacionados cos residuos nucleares foron recoñecidos, o Tratado Euratom debe ser abolido.

Valoración do traballo da Convención Europea

A Convención Europea traballou sobre a base dun mandado acordado polo Consello Europeo en Laeken, Bélxica, en Dezembro de 2001. Este mandado centrou-se en asuntos institucionais, no papel político da Unión Europea no mundo, e na posterior integración dalgunhas políticas específicas, política extranxeira e defensa, xustiza e cooperación económica. O Mandado de Laeken tamén preguntava: "*Cómo podemos intensificar a cooperación no campo da inclusión social, o ambiente, a saúde e a seguranza alimentar?*" Mentres que a inclusión social foi de certo un tema importante para a Convención, "ambiente, saúde e seguranza alimentar" apenas receberam atención.

O Mandado de Laeken resumiu o repto como segue: "*a cidadanía está chamada a unha aproximación clara, aberta, efectiva, democraticamente controlada, à Comunidade, desenvolvendo unha Europa que apunta ao mundo o camiño a seguir. Unha aproximación que proporciona resultados concretos en termos de mais emprego, mellor qualidade de vida, menos delinqüencia, bon ensino, e mellor sanidade. Non pode haver dúbida de que isto requerirá a Europa experimentar renovación e reforma*".

Como considera o obxectivo de "fazer à UE mais achegada à sua cidadanía", a integración da Carta de Dereitos Fundamentais e a Cidadanía Europea foron postas na axenda. Como considera "o resto" dos Tratados, o mandado ficou vago. O que significou que na práctica a reformulación dos capítulos de políticas como aqueles sobre agricultura, transporte, coesión, investigación, etc. non recebeu demasiada atención.

Foi un erro. Un non pode supor que a cidadanía da UE se sentirá mais achegada a "Bruxelas" se se concentra na composición da Comisión, nos procedimentos de voto no

Consello. Tampouco axuda se o papel do Parlamento Europeo continua a ser confuso, organizado sobre unha base do caso-a-caso. Mas a verdadeira pregunta na mente d@s cidadá(n)s europeos, na nosa opinión, é se a UE contribuirá à protección e mellora da qualidade de vida e o ambiente, estimulando o emprego, garantindo a xustiza social e a inclusión, e asegurando que os produtos son seguros e (no caso da comida) saudáveis. Estes reptos fóron gravemente infrarrepresentados no traballo da Convención.

Como organizacións ambientais, acordamos a nosa primeira aportación à Convención Europea en 18 de Abril de 2002. Antes de nada, quixemos que a Convención respeitase elementos importantes do Tratado da Comunidade Europea, en particular o obxectivo de desenvolvemento sustentábel, a obriga de integración do requerimento de protección ambiental en todas as políticas e actividades da Comunidade, e a maioría das partes do saínte capítulo sobre Política Ambiental. Aliás reclamamos dereitos institucionais para a sociedade civil, en particular no que fai respecto à transparéncia na tomada de decisións, participación pública e acceso à xustiza ao nível da UE. O Parlamento Europeo debería ter poderes de codecisión en todas as áreas relevantes para a protección do ambiente (o que inclue agricultura, transporte, investigación, o mercado único, etc.). Esta extensión da codecisión debería ser combinada coa eliminación dos requerimentos de unanimidade restantes nestas áreas. Finalmente, insistimos en que o capítulo de agricultura debería ser actualizado. Posteriormente no proceso expandimos esta demanda a unha série de áreas.

Tivemos só unha ocasión de apresentar as nosas perspectivas à Convención directamente, na sua única audiéncia pública en Xuño de 2002. Ademais tivemos un

contacto considerábel con membros da Convención ao longo do proceso.

En Outubro de 2002, o Presidente da Convención, o Sr. Giscard d'Estaing, apresentou un borrador sobre os obxectivos da Unión. Estava claramente baseado no artigo 2 do Tratado saínte, mas o concepto de desenvolvemento sustentábel foi borrado, ademais do obxectivo de "mellorar a calidade do ambiente".

Unha posterior, preocupante proposta do Praesidium da Convención foi integrar o Tratado Euratom na futura Constituición da UE. Isto tería dado à enerxía nuclear unha estrutura legal financeira e institucional preferente.

Estamos satisfeitos de que, ao final, o noso primeiro obxectivo de "non recuar" en comparación cos Tratados saíntes foi logrado. O obxectivo dun "alto nivel de protección e mellora na calidade do ambiente" foi acordado, o principio de integración foi restaurado, e o Tratado Euratom non foi completamente integrado no texto final da Convención.

Tamén damos a benvida à inclusión da Carta de Dereitos Fundamentais, aínda que o dereito a un ambiente limpo e saudábel permanece desaparecido.

Damos a benvida às propostas para mellorar a responsabilidade e transparencia na tomada de decisións da UE.

O capítulo de democracia participativa é positivo, incluíndo a proposta para unha iniciativa cidadá. Aínda, cumpren melloras do artigo pertinente, a fin de clarificar posteriormente os requisitos mínimos para a participación pública, e para recoñecer o aceso à xustiza como un elemento lóxico e esencial da democracia participativa.

Estamos satisfeitos coa proposición da Convención para reforzar a posición do Parlamento Europeo na tomada de decisións no que fai respecto a:

- coesión económica, social e territorial,
- agricultura e pescarías,
- programas de investigación específica e desenvolvemento tecnolóxico,
- industria.

Se estas proposicións son adoptadas, o Parlamento Europeo convertirá-se en colexislador co Consello de Ministros en moitas áreas relevantes para a promoción do desenvolvemento sustentábel. Sen embargo, o traballo nesta área está aínda incompleto: en particular, as políticas fiscais son aínda dominio exclusivo do Consello.

Propostas das Green Eight para a Constitución Europea

Introdución

No que fai respecto ao traballo da CIG, exiximos transparencia e participación pública. A Constitución Europea vai ser A base legal e moral para o funcionamento da Unión Europea, internamente aliás de cara o mundo exterior, durante décadas. A Constitución debería motivar à cidadanía da UE a apoiar à UE, e a investir no seu funcionamento efectivo. Devería-se polo tanto permitir à Sociedade Civil seguir as negociacións e fazer aportacións., como foi no caso da Convención Europea. Especialmente en áreas que a Convención ignorou ou apenas tocou.

As proposicións que seguen están todas relacionadas coa proposición final da Convención Europea (CONV 850/03), submetida ao Presidente do Consello Europeu en 18 de Xullo de 2003. Polo que todos os textos-base apresentados aquí veñen desta proposición.

Demandamos melloras adicionais do borrador de Constitución para que a Unión Europea teña unha estrutura constitucional robusta para a contribución para o desenvolvemento sustentábel, dentro e fora da Unión. Isto protexerá a fauna e a saúde dos povos, mellorará a qualidade do ambiente e preservará os recursos naturais escasos polo que tamén se posibilitará às xerazóns futuras prosperar. Tal Unión pode ter éxito só se a sua cidadanía está de acordo e está implicada. A democracia participativa é polo tanto un pré-requisito, desde a nosa perspectiva, para o desenvolvemento sustentábel. Ademais, temos o convencimento de que o desenvolvemento sustentábel non pode ser logrado sen a erradicación da pobreza, através da inclusión social, a equidade e a xustiza.

As nosas propostas están baseadas, en particular, nos seguintes principios/obxectivos da UE como foron propostos pola Convención:

No tocante à importancia da democracia e a sociedade civil

Preámbulo [...] *Crendo que a Europa reunida ten a intención de continuar ao longo da senda da civilización, progreso e prosperidade, para ben de todos os seus habitantes, incluíndo os mais fracos e desposuídos; que desexa permanecer como un continente aberto à cultura, a aprendizaxe e o progreso social; e que desexa aprofundar na natureza democrática e transparente da súa vida pública, e esforzar-se pola paz, a xustiza e a solidariedade en todo o mundo. [...]*

No tocante aos obxectivos da Unión (Parte I, artigo 3)

3.3 *A Unión traballará polo desenvolvemento sustentábel de Europa baseado no crecemento económico equilibrado, unha economía social de mercado, altamente competitiva e apuntando cara o pleno emprego e o progreso social, e cun alto nivel de protección e mellora da calidade do ambiente. [...]*

(isto ten a súa orixe no Artigo 2 do actual Tratado da Comunidade)

3.4 *Nas súas relacións co resto do mundo, a Unión defenderá e promoverá os seus valores e intereses. Contribuirá para a paz, a seguranza, o desenvolvemento sustentábel da terra, a solidariedade e respecto mútuo entre os povos, o comercio libre e xusto, a erradicación da pobreza e a protección dos dereitos humanos e en particular dos dereitos das mulleres, ademais da estrita observancia e desenvolvemento da lei internacional, incluíndo o respecto dos principios da Carta das Nacións Unidas.*

No tocante à coherencia e a política de integración ambiental (Parte III, artigos 1 e 4):

III-1 *A Unión asegurará a coherencia entre as diferentes políticas e actividades às que se fai referencia nesta parte, tendo todos os obxectivos da Unión en conta e de acordo co principio de concesión de poderes.*

III-4 *Os requerimentos de protección ambiental deben ser integrados na definición e implementación das políticas e actividades da Unión às que se fai referencia nesta parte, en particular cunha perspectiva de promoción do desenvolvemento sustentábel.*

(isto ten a súa orixe no Artigo 6 do Tratado da Comunidade).

EMENDAS PROPOSTAS

[as emendas ven-se como ***letra grosa+cursiva+suliñada***, ou como palabras/frases tachadas, nas proposicións da Convención.]

PARTE I.

TÍTULO VI: A Vida Democrática da Unión

Artigo 46: O principio de democracia participativa

1. As institucións da Unión, polos medios apropiados, darán à cidadanía e às asociacións representativas a oportunidade de dar a coñecer e intercambiar publicamente os seus puntos de vista en todas as áreas de acción da Unión.
2. As Institucións da Unión manterán un diálogo aberto, transparente e regular con asociacións representativas e coa sociedade civil.
3. A Comisión realizará amplas consultas coas partes interesadas ***de modo temperán, apropiado e axeitado e proporcionará ao público a oportunidade de fazer comentários durante cada fase da tomada de decisións*** a fin de asegurar que as accións da Unión son coerentes e transparentes.

3bis A cidadanía e as súas organizacións terán o dereito de acceso ao Tribunal Europeo de Xustiza para recusar as decisións da Comisión Europea ou outros Organismos da UE que lles afecten directamente.

4. Non menos de un millón de cidadá(n)s dun número significativo de Estados-Membro poden convidar à Comisión a submeter toda proposta acaída sobre os asuntos que @s cidadá(n)s consideren que requiren un acto xurídico da Unión para o propósito de implementación da Constitución. Unha lei europea determinará as disposicións para os procedimentos específicos e condicións requeridas para tal iniciativa cidadá.

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

No tocante à 3: Partindo da nosa experiencia, as consultas teñen sentido só se respostan a criterios certos.

No tocante à 3bis: O acceso à xustiza constitui un elemento esencial da democracia participativa. Foi definido, por exemplo, na Convención de Aarhus "sobre o acceso à información, participación pública e acceso à xustiza en asuntos ambientais", unha Convención que a UE está a piques de ratificar.

PARTE I.

TÍTULO VI: A vida Democrática da Unión

Artigo 49: Transparencia dos procedimentos das Institucións da Unión

1. Co fin de promover a boa gobernanza e asegurar a participación da sociedade civil, as Institucións, organismos e axencias da Unión dirixirán o seu traballo tan abertamente como sexa posíbel.
2. O Parlamento Europeo reunirá-se en público, como fará o Consello de Ministros quando examine e adopte unha proposta legislativa. **O Comité de Conciliación terá todas as súas reunións en público.**
3. Tod@ cidadá(n) da Unión, e toda persoa natural ou legal residente ou tendo a súa oficina rexistada nun Estado Membro terá dereito de acceso a documentos das Institucións, organismos e axencias da Unión en calquera dos modos que sexa producido, de acordo coas condicións establecidas na Parte III.
4. Unha lei europea establecerá os principios xerais e límites que, no terreo dos intereses públicos ou privados, gobernen o dereito de acceso a tais documentos.
5. Cada Institución, organismo ou axencia a que se fai referencia no parágrafo 3 determinará nas súas propias regras de procedemento disposicións específicas no que fai respecto ao acceso aos seus documentos, de acordo coa Lei europea à que se alude no parágrafo 4.

EXPLICACIÓN DA EMENDA:

A codecisión converterá-se agora na norma para elaboración de leis na UE. Na práctica, en moitos casos as reunións do Comité de Conciliación serán o lugar onde se tomarán as decisións finais. A responsabilidade do Parlamento e os Gobernos Nacionais cara a cidadanía é cumprida facendo esas reunións tamén públicas. O público ten dereito a saber cómo o Parlamento e o Consello chegan às súas decisións.

PARTE II.

A Carta de Dereitos Fundamentais da Unión

Artigo II-37: Protección ambiental

~~Un alto nivel de protección ambiental e a mellora da calidade do ambiente deben ser integrados nas políticas da Unión e aseguradas de acordo co principio de desenvolvemento sustentábel.~~

Substituír por:

Toda persoa ten dereito a vivir nun ambiente limpo e saudábel ademais da obriga de salvaguardar a calidade do ambiente para as xerazóns actuais e futuras.

EXPLICACIÓN DA EMENDA:

A Carta de Dereitos Fundamentais recolle dereitos para a súa cidadanía en diversas áreas, mas non no que fai respecto ao ambiente. O artigo do ambiente non fai mais do que confirmar o deber das Instituícións da Unión de integrar os asuntos ambientais noutras políticas.

A noción dun dereito a un ambiente limpo e saudábel non é nova. Hai treze anos, o Consello Europeo en Dublín, nunha declaración sobre "o imperativo ambiental" aprovou o dereito a un ambiente limpo e saudábel para a cidadanía da UE (Xuño de 1990).

A inclusión do dereito a un ambiente limpo e saudábel guiaría às Instituícións da UE no exercizo dos seus deberes e as animaría a actuar de modo que defendan este dereito (por exemplo ao desenvolver políticas ou lexislación). Aliás, semellante dereito establece máis claramente a ligazón entre políticas ambientais e de saúde pública, dous importantes asuntos para a cidadanía da UE.

Un número de Estados-Membro e países de próxima incorporación recolleron o dereito a un ambiente limpo e saudábel nas súas constituicións nacionais. É tamén parte da Convención Aarhus sobre o acceso à información, participación pública a acceso à xustiza en cuestións ambientais, asinada por todos os Estados Membros e países de próxima incorporación ademais de pola Comunidade Europea, e ratificada por un crescente número deles. Comeza recoñecendo "o dereito de toda persoa das xerazóns actuais e futuras a vivir nun ambiente axeitado à súa saúde e ben-estar".

Na nosa emenda tentamos suliñar o feito de que a cidadanía ten tamén unha responsabilidade certa cara o ambiente.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO I. MERCADO INTERNO

Sección 3 LIVRE MOVIMENTO DE BENS

Subsección 1: UNIÓN ADUANEIRA

Artigo III-40

Na realización dos labores a ela confiados baixo esta Subsección, a Comisión guiará-se por:

- (a) ~~a necesidade de promover o comercio entre os Estados-Membro e terceiros países;~~
 (b) **(a)** desenvolvementos en condicións de competición dentro da Unión na medida en que leve a unha mellora na capacidade competitiva das empresas;

- (e) **(b)** os requisitos da Unión no que fai respecto ao subministro de materias primas e bens sémi-elaborados; nesta relación a Comisión encárregará-se de evitar condicións distorcidas de competición entre os Estados-Membro con respecto aos bens elaborados;
 (e) **(c)** a necesidade de evitar perturbacións sérias nas economías dos Estados-Membro e asegurar o desenvolvemento racional **e ambientalmente sondado** da produción e a ~~expansión~~ **un nivel apropiado** de consumo dentro da Unión.

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

O incremento do comercio exterior e a expansión do consumo non deberían ser obxectivos como tal, deberían contribuír algo para a mellora dos obxectivos globais da Unión, tal e como son recollidos no Artigo I-3.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO I. MERCADO INTERNO

Sección 3 Livre Movemento de Bens

Subsección 3: Prohibición de Restricións Quantitativas

Artigo III-43

O Artigo III-42 non excluírá prohibicións ou restricións en importacións, exportacións ou bens en tránsito xustificadas con motivos de moralidade pública, políticas públicas ou seguranza pública; a protección da saúde e a vida de humanos, animais ou plantas; a protección de tesouros nacionais que posúan valor artístico, histórico ou arqueolóxico; a protección do contorno; ou a protección da propiedade industrial e comercial. Tais prohibicións ou restricións non constituirán, sen embargo, un meio de de discriminación arbitraria ou unha restrición disfrazada sobre o comercio dos Estados-Membro.

EXPLICACIÓN DA EMENDA:

Na liña da xurisprudencia do Tribunal Europeo de Xustiza no caso da Botella danesa, a protección ambiental debería ser explicitamente incluída aquí. Seguindo esta decisión, as medidas asumidas sobre a base dos requerimentos do mandado, serán necesarias para o obxectivo perseguido e representarán a alternativa menos restritiva para o comercio na Unión.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO I. MERCADO INTERNO

Sección 5 REGRAS DE COMPETENCIA

Subsección 1: Regras a aplicar às empresas

Artigo III-50

1. O que segue será prohibido como incompatível co mercado interno: todos os acordos entre empresas, decisións por asociacións de empresas e prácticas concertadas que podan afectar ao comercio entre os Estados-Membro e que teñan por obxecto ou efecto o impedimento, restrición ou distorsión da competencia no mercado interior, e en particular aquelas que:

- (a) directa ou indirectamente fixen os prezos de compra ou venda ou qualquer outra condición do mercado;
- (b) limiten ou controlen a produción, mercados, desenvolvemento técnico, ou investimento;
- (c) repartan mercados ou fontes de subministro;
- (d) apliquen condicións disimilares a transaccións equivalentes con outras partes do comercio, colocando-as por iso en desvantaxe competitiva;
- (e) submetan a conclusión dos contratos à aceptación polas outras partes de obrigas suplementares que, pola súa natureza ou de acordo co uso comercial, non teñan conexión co tema deses contratos.

2. Todo acordo ou decisión prohibida seguindo este Artigo será automaticamente nulo.

3. O Parágrafo 1 pode, sen embargo, ser declarado inaplicábel no caso de:

- cualquier acordo ou categoria de acordo entre empresas;
- cualquier decisión ou categoria de decisión por asociacións de empresas;
- cualquier práctica concertada ou categoria de práctica concertada,

que contribua para a mellora da produción ou distribuíción de bens ~~ou~~ a promover o progreso técnico ou económico ***ou ambiental***, mentres asigne aos/às consumidoræs unha parte xusta do beneficio resultante, e non:

- (a) imponha às empresas afectadas condicións que non sexan indispensábeis para o logro dese obxectivos;
- (b) permita a tais empresas a posibilidade de eliminar a competencia no que fai respecto a unha parte substancial dos produtos en cuestión.

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

Devería ser permitida a cooperación entre compañías, cun obxectivo ambiental explícito, por exemplo os sistemas verdes de aprovisionamento entre compañías.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO I. MERCADO INTERNO

Sección 5 REGRAS DE COMPETENCIA

Subsección 2: Axudas concedidas polos Estados-Membro

Artigo III-56

1. Salvo que estexa estipulado doutro modo na Constituición, qualquer axuda concedida por un Estado-Membro ou através de recursos do Estado en qualquer forma que distorza ou ameace con distorcer a competencia ao favorecer certas empresas ou a produción de certos bens será, na medida en que afecte ao comercio entre Estados-Membro, incompatible co mercado interno.
2. O que segue será compatible co mercado interno:
 - (a) axuda con carácter social, concedida a consumidoræs individuais, sempre que tal axuda sexa concedida sen discriminación relacionada coa orixe dos produtos afectados;
 - (b) axuda para compensar o dano causado por desastres naturais ou casos excepcionais;
 - (c) axuda concedida à economia de certas áreas da República Federal da Alemaña afectadas pola división da Alemaña, na medida en que tal axuda sexa requerida a fin de compensar as desvantaxes económicas causadas por tal división.
3. O que segue pode ser considerado compatible co mercado interno:
 - (a) axuda para promover o desenvolvemento de áreas nas que o nivel de vida é anormalmente baixo ou onde existe un sério subemprego;
 - (b) axuda para promover a execución dun importante proxecto de interese común europeo ou para remediar unha perturbación séria na economía dun Estado Membro;
 - (c) axuda para facilitar o desenvolvemento de certas actividades económicas ou certas áreas económicas, onde tal axuda non afecte de modo adverso às condicións de comercio até un límite contrario ao interese común;

(c.bis) axuda para promover actividades para a protección do ambiente, incluíndo a aceleración da introdución e o uso de produtos e servizos ambientalmente provados.

 - (d) axuda para promover a cultura e a conservación do patrimonio onde tal axuda non afecte às condicións do comercio e à competencia na Unión até un límite que sexa contrario ao interese común;
 - (e) tantas categorías de axuda como podan ser especificadas polos regulamentos europeos ou decisións adoptadas polo Consello de Ministros sobre unha proposta da Comisión.

EXPLICACIÓN DA EMENDA:

Esta emenda autorizará expresamente à Comisión para aprovar programas de axuda estatal ao servizo da protección dos intereses ambientais. A emenda non pretende crear unha derogación apartir da aplicación do principio de quen contamina paga establecido no Art. III-128. Polo tanto, como norma xeral, non se debería permitir às compañías obter axuda estatal para custes de limpeza. Para algúns países, quer dizer os países de Coesión e os países de próxima incorporación, pode ser aplicada unha derogación temporal desta regra.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. MERCADO INTERNO

Sección 6 DISPOSICIÓN FISCAL

Artigo III-59

Nengún Estado-Membro imporá, directa ou indirectamente, sobre os produtos doutros Estados-Membro nengunha taxa interior de qualquer tipo superior à imposta directa ou indirectamente sobre produtos domésticos similares, **salvo que isto sexa esencial para a creación dun campo de xogo igualado para @s produtoræs domésticos que teñen que cumprir con**

regulamentacións ambientais específicas.

Ademais, nengún Estado-Membro imporá sobre os produtos doutros Estados-Membro qualquer imposto de natureza tal que brinde protección a outros produtos.

EXPLICACIÓN DA EMENDA:

Se prevemos reformas dos impostos ambientais nalgúns países no futuro, terán un instrumento para prever maiores distorsións do mercado.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO I. MERCADO INTERNO

Sección 6 DISPOSICIÓN FISCAL

Artigo III-62

1. Unha lei ou lei-marco europea do Consello de Ministros ditará medidas para a harmonización da lexislación sobre impostos de facturación, dereitos arancelares e outras formas de imposición indirecta con tal de que tal harmonización sexa necesaria para o funcionamento do mercado interior e para evitar a distorsión da competencia. O Consello de Ministros actuará unanimemente tras consultar ao Parlamento Europeo e o Comité Económico e Social, **salvo que as**

medidas fiscais propostas fagan referencia a obxectivos ambientais, en cuxo caso será aplicado, como está establecido no artigo 33-1, o procedemento habitual.

2. Quando o Consello de Ministros, actuando unanimemente sobre unha proposta da Comisión, atope que as medidas às que se fai referencia no parágrafo 1 están relacionadas coa cooperación administrativa ou o combate da fraude fiscal e a evasión de impostos, actuará, apesar do parágrafo 1, a meio dunha maioría qualificada quando se adopte a lei ou lei-marco europea que adopte esas medidas.

EXPLICACIÓN DA EMENDA: As medidas fiscais poden fazer parte das políticas ambientais. De facto, unha limitación efectiva do cambio climático ou do (sobre)uso de recursos naturais é difícil de lograr sen unha reforma fiscal ambiental. O requerimento de unanimidade para os acordos sobre medidas fiscais é un sério pescozo de botella para unhas políticas ambientais da UE efectivas, facendo difícil alcanzar os obxectivos da UE tal e como están establecidos no Tratado. Polo tanto propomos pór os procedimentos para tais decisións na liña deses para outras leis ambientais e implantá-los por maioría qualificada no Consello e codecisión co Parlamento.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO I. MERCADO INTERNO

Sección 7 APROXIMACIÓN DE LEXISLACIÓN

Artigo III-65

1. Salvo que estivese establecido doutro modo na Constituición, este Artigo aplicarás-se para a consecución dos obxectivos expostos no Artigo III-14. Leis ou leis-marco europeas establecerán medidas para a aproximación das disposicións establecidas por lei, regulamento ou acto administrativo nos Estados-Membro que teñan por obxecto o establecemento e funcionamento do mercado interno. Tais leis serán adoptadas após consulta ao Comité Económico e Social.
2. O parágrafo 1 non será aplicado às medidas fiscais, às relacionadas co libre movemento das persoas ou às relativas aos dereitos e intereses das persoas empregadas.
3. A Comisión, nas súas propostas submetidas ao parágrafo 1 **afectando** ~~concernindo~~ à saúde, seguranza, protección ambiental e protección d@ consumidor(a), tomará como ~~unha~~ base ~~un~~ **o** maior nivel de protección **predominante en calquera Estado-Membro e terá tamén en conta o predomínio de maiores niveis noutros lugares.** ~~Tendo en conta en particular calquera novo desenvolvemento~~

~~baseado en feitos científicos.~~ Dentro das súas respectivas competencias, o Parlamento Europeo e o Consello de Ministros perseguirán tamén alcanzar este obxectivo.

4. Se, despois da adopción dunha medida de harmonización a meio dunha lei ou lei-marco europea ou regulamento da Comisión, un Estado Membro estima-o necesario para manter as disposicións nacionais polos motivos de causa maior aos que se fai referencia no Artigo III-43, ou en relación à protección do ambiente ou do ambiente laboral, notificará à Comisión sobre esas disposicións así como sobre os motivos para as manter.
5. Aliás, sen prexuízo do establecido no parágrafo 4, se, despois da adopción dunha medida de harmonización a meio dunha lei ou lei-marco europea ou regulación da Comisión, un Estado-Membro estima-o necesario para introducir disposicións nacionais baseadas en novas evidencias científicas relativas à protección do ambiente **ou sobre o principio de precaución,** ou o ambiente laboral por mor dun problema específico dese Estado-Membro surxido despois da adopción da medida de harmonización, notificará à Comisión das disposicións previstas e as razóns para elas.

[...]

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS: A primeira emenda é para asegurar que o impacto da lexislación é tamén considerado, antes que só o propósito principal da lexislación.

A segunda emenda é para fomentar a harmonización cara arriba, antes que ao nivel do mínimo común denominador.

A supresión do "feito científico" foi feita porque, en asuntos ambientais, o principio de precaución debería-o aplicar tamén. O "feito científico" é tamén un novo concepto no Tratado, onde até o de agora (ollar tamén o par. 5) é utilizado o concepto de "evidencia científica".

No par. 5 insistimos en que os gobernos nacionais tamén poden tomar medidas sobre a base do principio de precaución, unha base de políticas ambientais, como se recolle no art. III-129, par. 2.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO II. POLÍTICAS ECONÓMICAS E MONETÁRIAS

Sección 1 POLÍTICA ECONÓMICA

Artigo III-70

Os Estados-Membro conducirán as suas políticas económicas co fin de contribuír ao alcance dos obxectivos da Unión, tal e como foron definidos no Artigo I-3, *a integración da política ambiental e os principios de coerencia das políticas tal e como está establecido nos Artigos III-1 e III-193, par. 3* e no contexto das amplas directrices às que se fai referencia no Artigo III-71(2). Os Estados Membro e a Unión actuarán de acordo co principio dunha economía de mercado aberto con libre competencia, favorecendo unha eficiente asignación de recursos, e en acatamento dos principios expostos no Artigo III-69.

EXPLICACIÓN DA EMENDA:

O texto adicional fai o Artigo conseqüente cos principios de integración ambiental e coerencia nas políticas da Unión.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 3 COESIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E TERRITORIAL

Artigo III-116

Co fin de promover o seu desenvolvemento conxunto harmonioso, equilibrado e sustentábel, a Unión desenvolverá e levará a cabo a súa acción guiando cara o reforzamento da súa coesión económica, social e territorial e a protección mellora ambiental de acordo cos obxectivos expostos no Artigo I-3.

En particular, a Unión apuntará à redución das disparidades entre os niveis de desenvolvemento das diversas rexións, incluíndo ~~e o atraso~~ das rexións ou illas menos favorecidas, incluíndo e as áreas rurais, e promovendo a protección e mellora ambiental nas diversas rexións.

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

Este capítulo necesita ser alineado co preámbulo do Regulamento do Consello que establece as disposicións xerais sobre fondos estruturais (1260/1999/EC, 21 Xuño 1999), o qual fai referencia ao "desenvolvemento harmonioso, equilibrado e sustentábel das actividades económicas". O preámbulo fai referencia explicitamente à necesidade dos fondos estruturais para lograr un alto nivel de protección ambiental na necesidade "en particular de integrar os requerimentos de protección ambiental no deseño e implementación das operacións dos fondos estruturais" (preámbulo, parágrafo 5).

A Estratexia de Desenvolvemento Sustentábel da UE, adoptada polo Consello Europeu en Göteborg (Xuño 2001), é parte integral da Estratexia de Lisboa. Esta recoñece que, agora e no futuro, o crecemento económico, a coesión social, e a protección ambiental deben ir da mao.

Os Xefes de Estado da UE reiteraron recentemente o seu compromiso co desenvolvemento sustentábel na Cimeira de Primavera (21 de Marzo de 2003). A súa declaración incluíu chamamentos a reforzar o Proceso de Cardiff da UE de integración do ambiente nas políticas sectoriais. Os obxectivos estaban para ser desenvolvido tan "desemparellado" crecemento económico desde a degradación ambiental e o uso dos recursos. (En Cardiff en Xuño de 1998 o Consello Europeu chamou aos Consellos a desenvolver cadansua estratexia de integración ambiental).

O Artigo III-144 sobre redes Transeuropeas fai referencia aos obxectivos no Artigo III-116. Coas emendas propostas, o requerimento de compatibilidade cos obxectivos de protección e mellora ambiental é tamén aplicábel aos artigos das redes Transeuropeas.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 3 COESIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E TERRITORIAL

Artigo III-117

Os Estados-Membro guiarán as súas políticas económicas e as coordinarán de modo que, ademais, alcancen os obxectivos recollidos no Artigo III-116 e os obxectivos e principios recollidos no Artigo III-129 e os obxectivos de desenvolvemento sustentábel da Unión. A formulación e implementación das políticas e acción da Unión e a implementación do mercado interno terán en conta estes obxectivos e contribuirán para a súa consecución. A Unión apoiará tamén a realización destes obxectivos coa acción que desenvolve através dos Fondos Estruturais (Fundo de Europeo de Orientación da Agricultura e Garantía, Sección de Orientación; Fondo Social Europeo, Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), o Banco Europeo de Investimento e os outros instrumentos financeiros existentes. A Unión asegurará

que os requerimentos da protección e mellora do ambiente son incorporados à definición e implementación das operacións dos Fondos.

A Comisión presentará un informe ao Parlamento Europeo, ao Consello de Ministros, ao Comité das Rexións e ao Comité Económico e Social cada tres anos sobre o progreso feito para lograr a coesión económica, social e territorial, o crecemento económico, a protección e mellora do ambiente, e sobre o modo en que os diversos medios previstos neste Artigo contribuíron para iso. Este informe, se cumpre, será acompañado de propostas apropiadas.

As leis ou leis-marco europeas poden establecer qualquer medida específica independente dos Fondos, sen perxuízo das medidas adoptadas dentro do marco das outras políticas da Unión. Serán adoptadas após consulta ao Comité das Rexións e ao Comité Económico e Social.

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

Co fin de asegurar o uso sustentábel dos fondos estruturais, e no interese de obter un Tratado que sexa coherente, sen contradicións internas, as políticas deben ser completamente coherentes cos obxectivos recollidos no Artigo III-116 e cos obxectivos e principios do Artigo III-129. Isto é especialmente importante dado o ben documentado dano à natureza e aos recursos naturais a que con frecuencia contribuen os Fondos Estruturais.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 3 COESIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E TERRITORIAL

Artigo III-118

O Fondo Europeu de Desenvolvemento Rexional procura axudar a reparar os principais desequilíbrios rexionais na Unión através da participación no desenvolvemento **sustentábel** e o axuste estrutural das

rexións cuxo desenvolvemento está rezagado e na conversión das rexións industriais en declive **e na protección e mellora do ambiente nas diversas rexións.**

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

Para asegurar que tamén este Fondo é aplicado de acordo co Artigo I-3 da Constitución.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 4 AGRICULTURA E PESCARIAS

Artigo III-123

1. Os obxectivos da política agrária común **e da política común de pescarías** serán:

- (a) incrementar a produtividade agrária **asegurar o desenvolvemento ambientalmente sustentábel e racional da produción agrária** promovendo o progreso técnico e asegurando o desenvolvemento racional da produción agrária e a utilización óptima dos factores de produción, en particular o traballo **e os recursos naturais**;
- (b) así asegurar un nivel de vida xusto para a comunidade agrícola **rural**, en particular aumentando os ingresos individuais das persoas ocupadas na agricultura **en actividades agrárias e rurais**;
- (c) estabilizar os mercados; **protexer e mellorar a calidade do ambiente e a natureza, ademais de conservar a diversidade das paisaxes culturais**;

(d) garantir a dispoñibilidade de **provisións comestíbeis de alta calidade e recursos renovábeis**;

(e) asegurar que as provisións cheguen aos/às consumidoras a prezos razoábeis.

(f) estabilizar os mercados.

2. Ao elaborar a política agrária común e os métodos especiais para a súa aplicación, será tomado en conta:

(a) a natureza particular das **actividades rurais, agrícolas e pesqueiras**, que resultan da estrutura social da agricultura **e as pescarías** e das disparidades estruturais, **ambientais** e naturais entre as diversas rexións agrícolas;

(b) a necesidade de efectuar os axustes apropiados gradualmente

(c) o facto de que nos Estados-Membro **o desenvolvemento rural, a agricultura e as pescarías** constitúen un sector **estreitamente ligado** à economía no seu conxunto;

(d) o desenvolvemento económico, social, e ambiental sustentábel dos países en desenvolvemento.

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

1. Os obxectivos da Política Agrária Común (PAC) neste artigo foron formulados en 1957. Non reflexan os problemas e preocupacións afrontados polo actual sector da agricultura, nen as prioridades da cidadanía de Europa. Hai moitas razóns de porqué os artigos de agricultura do Tratado requiren unha reescritura e emenda fundamental: Apontan cara unha crescente produtividade agrícola, un asunto supremo despois da Segunda Guerra Mundial, mas non por moito tempo unha prioridade Europea; levaron aos excedentes agrícolas e a altos custos orzamentares sen aliviar efectivamente os problemas de ingresos agrícolas. Xusto por baixo da metade do orzamento total da UE é gastado na PAC; non fan referencia ao ambiente, á natureza ou á paisaxe aínda que o Tratado establece explicitamente que "os requirimentos de protección ambiental deben ser integrados na definición e implementación das políticas da Comunidade" (Art. III-4); non reflicten o segundo pilar da PAC tal e como foi adoptada baixo a Axenda 2000 e introduzida pola Acta única Europea, 1986; non se refieren explicitamente aos impactos e responsabilidades internacionais dos produtos agrícolas da Unión; crean estruturas e procedementos inapropiados para a participación e a toma de decisións.
2. Algúns dos asuntos foron xa dirixidos cara cambios significativos na dirección en que a PAC é deseñada e implementada. Sen embargo, moitos dos focamentos da nova política non son explicitamente respaldados polo Tratado. O debate sobre o Futuro de Europa proporciona a oportunidade para a

revisión da base legal da PAC do século XXI.

3. O sector agrícola é de central importancia na formación da Europa rural e un elemento chave da política Europea.
4. Os cidadáns, labregos, consumidores, comunidades rurais e organizacións ambientais da Europa de hoxe teñen novas necesidades que unha PAC orientada cara eses novos obxectivos tería como resultado unha integración máis efectiva dos asuntos agrarios, rurais e ambientais a todos os niveis da implementación de políticas. Así, facilitaría novas perspectivas para o desenvolvemento sustentábel e rural en Europa.
5. Unha PAC baseada nestes obxectivos ofrecería ao sector agrícola Europeo un máis amplo conxunto de oportunidades económicas, recoñecimento das súas múltiples funcións e deste modo unha mellor oportunidade de lograr niveis de vida sustentábeis. Isto tería como resultado comida saudábel nun ambiente saudábel para toda a cidadanía Europea.
6. O desenvolvemento sustentábel co obxectivo principal de erradicar a pobreza aplícase a todos os países en desenvolvemento como foi acordado polas Nacións Unidas (Declaración do Milenio da ONU) e a OCDE (lista de países en desenvolvemento). Todos os Estados-Membro da UE teñen aprobado este obxectivo e aceptado a lista de países en desenvolvemento da OCDE. Este obxectivo debería ser respectado en todas as políticas da Unión de acordo co principio de coherencia nas políticas (Artigo III-193, par. 3 e Artigo III-218 par. 1).

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 4 AGRICULTURA E PESCARIAS

Artigo III-124

1. A fin de lograr os obxectivos propostos no Artigo III-123, establecerá ~~n-se unha~~ organización común de mercados agrícolas **os seguintes instrumentos**.

~~Esta organización tomará~~ **Os instrumentos poderán tomar** unha das seguintes formas, a depender do produto afectado:

- (a) regras comúns sobre competencia;
- (b) coordinación obrigatoria das diversas organizacións nacionais do mercado;
- (c) unha organización europea do mercado.
- (d) medidas rurais e ambientais estruturais**.

2. ~~A organización común~~ **Os instrumentos** establecida ~~os~~ de acordo co parágrafo 1 poden incluír todas as medidas requiridas para lograr os obxectivos propostos no Artigo III-123, en particular a regulación de prezos, axudas à

produción e promoción dos diversos produtos, acordos de almacenamento e transporte e mecanismos comúns para o establecemento de importacións—~~ou~~ exportacións.

~~A organización común~~ **Os instrumentos** será ~~n~~ limitada ~~os~~ à persecución dos obxectivos propostos no Artigo III-123 e excluírán toda discriminación entre produtores ou consumidores dentro da Unión.

Toda política común de prezos estará baseada en criterios comúns e métodos uniformes de cálculo. **Os instrumentos tomarán en conta o seu impacto sobre os obxectivos da Acción Exterior da Unión considerando a erradicación da pobreza nos países en desenvolvemento**.

3. A fin de permitir que a organización común à que se fai referencia no parágrafo 1 logre os seus obxectivos, poden ser criados un ou mais fondos agrícolas de orientación e garantía.

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

A referencia à organización dos mercados agrícolas está obsoleta. "Instrumentos" é un termo que reflicte máis apropiadamente as actuais medidas da PAC.

As medidas rurais e estruturais son xá aplicadas pola PAC. A promoción das exportacións non pode ser incluída nesta lista indicativa de instrumentos dispoñibles para levar a cabo os obxectivos da PAC.

A erradicación da pobreza nos países en desenvolvemento é incluída nos obxectivos da Acción Exterior da Unión. Este obxectivo será respectado en todas as políticas da Unión, de acordo co principio de coherencia nas políticas (Artigo III-193, par. 2 e III-218, par. 1).

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 4 AGRICULTURA E PESCARIAS

Artigo III-125

Para permitir que os obxectivos propostos no Artigo III-123 sexan alcanzados, a disposición pode ser feita dentro da estrutura da política agrária común para medidas tais como:

- (a) unha ampla gama de medidas de desenvolvemento rural dirixidas à promoción da adaptación e desenvolvemento das áreas rurais relacionadas coas estruturas, procesamentos e comercialización,

promoción, agrícolas. unha coordinación efectiva de esforzos nas esferas da formación profesional, da investigación e da divulgación do coñecimento agrícola; isto pode incluír financiamento conxunto de proxectos ou institucións;

- (b) ~~medidas conxuntas para promover o consumo de certos produtos.~~ medidas agro-ambientais, medidas ambientais específicas nas áreas Natura 2000, desenvolvemento rural por obxectivos, apoio às áreas menos favorecidas e medidas de silvicultura.

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

O expresado neste artigo é proposto co fin de asegurar que o Artigo é coherente coas medidas incluídas na "Regulación do Consello 1257/1999 de 17 de Maio de 1999 sobre o apoio ao desenvolvemento rural desde o Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA) e emendando e revogando certas regulacións".

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 4 AGRICULTURA E PESCARIAS

Artigo III-127

1. A Comisión presentará propostas de traballo e implementación da política agrária común, incluíndo ~~a substituíción das organizacións nacionais por~~ **adaptacións às políticas de acordo con** unha ~~das~~ **os** formas de organización común **instrumentos** prevista**s** no Artigo III-124(1), e para implementar os medios aos que se fai referencia nesta Sección.
Estas propostas terá en conta a interdependencia dos asuntos agrícolas mencionados nesta Sección.
2. Unha lei ou lei-marco europea establecerá ~~a organización común de mercado~~ **os instrumentos** previstos no Artigo III-124(1) e as outras previsións necesarias para o logro dos obxectivos da política agrária común e a política de pescarías común.
3. O Consello de Ministros, sobre unha proposta da Comisión, adoptará os regulamentos ou decisións europeas sobre fixación de prezos, impostos, axudas e limitacións cuantitativas e sobre a fixación e reparto de oportunidades de pesca.

4. De acordo co [parágrafo 2] as organizacións **os instrumentos** nacionais poden ser substituída**s** pola**s** organización ~~común~~ **instrumentos** previstos no Artigo III-124(1) se:
 - (a) ~~a organización común~~ **os instrumentos** ofrece**n** aos Estados-Membro opostos a esta medida e que teñen unha organización propia para a produción en cuestión garantías equivalentes para o emprego e nivel de vida d@s produtores interesad@s, tendo en conta os axustamentos que serán posibles e a especialización que cumprirá co paso do tempo;
 - (b) ~~tal organización~~ **tais instrumentos** asegura**n** condicións para o mercado dentro da Unión semellantes a aqueles existentes nun mercado nacional.
5. Se unha organización común para certas materias primas é establecida antes de que unha organización común exista para os correspondentes produtos procesados, tais materias primas quando son utilizadas para produtos procesados destinados à exportación a terceiros países poden ser importadas do exterior da Unión.

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

Ver explicación às emendas do Artigo III-124, na páxina 23.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 5 AMBIENTE

Artigo III-130

1. As leis ou leis-marco europeas establecerán ~~qué acción será tomada~~ ***adoptarán as medidas necesarias*** a fin de ***para*** alcanzar os obxectivos aos que se fai referencia no Artigo III-129. Serán adoptadas após consulta ao Comité das Rexións e ao Comité Económico e Social.

~~2. Pola vía da derogación do parágrafo 1 e sen prexuízo do Artigo III 65, o Consello de Ministros adoptará unánimemente as leis ou leis-marco europeas establecendo:~~

- ~~(a) medidas de natureza principalmente fiscal;~~
- ~~(b) medidas que afecten:

 - ~~(i) o ordenamento do territorio;~~
 - ~~(ii) xestión quantitativa dos recursos hídricos ou que afecte, directa ou indirectamente, a dispoñibilidade deses recursos;~~
 - ~~(iii) uso da terra, coa excepción da xestión de residuos;~~~~
- ~~(c) medidas que afecten significativamente à eleición dun Estado-Membro entre diferentes fontes de enerxía e à estrutura xeral do seu aprovisionamento enerxético.~~

~~O Consello de Ministros poderá adoptar unánimemente unha decisión Europea facendo~~

~~o procedemento legislativo ordinario aplicábel aos asuntos aos que se refere o primeiro subparágrafo deste parágrafo.~~

~~En todos os casos, o Consello de Ministros actuarán após consultar o Parlamento Europeo, o Comité das Rexións e o Comité Económico e Social.~~

~~3. 2.~~ Os programas de acción xeral que establezan obxectivos prioritarios a alcanzar será promulgados por leis Europeas. Tais leis serán adoptadas após consulta ao Comité de Rexións e ao Comité Económico e Social.

As medidas necesarias para a implementación destes programas serán adoptadas baixo as condicións do parágrafo 1 ou do parágrafo 2, de acordo co caso.

~~4. 3.~~ Sen prexuízo de certas medidas adoptadas pola Unión, os Estados-Membro financiarán e implementarán a política ambiental.

~~5. 4.~~ Sen prexuízo do principio de quen contamina paga, se unha medida baseada no parágrafo 1 implica custes considerados desproporcionados para as autoridades públicas dun Estado-Membro, tal medida proporcionará do modo apropiado:

- ~~(a) derogacións temporais, e/ou~~
- ~~(b) apoio financeiro do Fondo de Coesión.~~

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS: A primeira emenda é para enfatizar a responsabilidade directa da UE para unhas boas políticas ambientais.

A segunda emenda está relacionada cun asunto central das organizacións ambientais: excepcións à regra habitual da tomada de decisións por maioría no Consello e à participación do Parlamento no proceso legislativo (co-decisión) socavan o potencial para unha actuación efectiva da UE. Manter, desde o pasado, o requerimento de unanimidade no Consello, combinado cun papel fraco para o Parlamento, significa que a UE non pode actuar dun modo tan decisivo como cumpre. Para nós, a decisión mais urxente é suprimir a primeira excepción, sobre medidas de natureza fiscal. Apreciamos a iniciativa da Convención de incluír unha poibilidade ao Consello de suprimir esta excepción particular por unha decisión (unánime) do Consello, polo tanto sen que cumpra mudar a Constituición. De todos modos chamamos aos decisores a dar este paso agora, sen demora. En particular, a derogación desde a votación por maioría para materias fiscais relacionadas co ambiente sufocou efectivamente o uso destas medidas cruciais. Os decisores denegaron de todos modos un elemento esencial mui importante nas diversas opcións de políticas dispoñíbeis para lograr os obxectivos deste artigo. Os efectos desta derogación sentiron-se tamén nunha série doutras decisións de políticas e legislativas xá tomadas e continuará a ser así se fica sen emendar.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 7 TRANSPORTE

Artigo III-134

As leis ou leis-marco europeas implementarán o artigo III-133, tendo en conta os rasgos característicos do transporte **e as disposicións do Artigo 3 e do Artigo III-4**. Serán adoptadas após consulta ao Comité das Rexións e ao Comité Económico e Social.

Tais leis ou leis-marco europeas conterán:

- (a) regras comúns aplicábeis ao transporte internacional ou desde o territorio dun Estado-Membro ou atravesando o territorio dun ou mais Estados-Membro;

- (b) as condicións baixo as quais os transportistas non-residentes poden realizar servizos de transporte dentro dun Estado-membro;
- (c) medidas para mellorar **a actuación ambiental, social e económica do transporte e** a seguranza no transporte; **tendo devidamente en conta o principio de precaución;**
- (d) **directrices-marco para as Redes de Transporte Trans-Europeas;**
- (e) **con referencia particular ao Artigo III-4, as disposicións para o movemento cara modos de transporte respetuosos co ambiente e desacoplar transporte e crecemento económico;**
- ~~(f)~~ **qualquer outra medida apropiada.**

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

As referencias ao Artigo 3 e ao Artigo III-4 así como a referencia específica à actuación ambiental, social e económica no apartado (c) fai o texto coerente co Obxectivo da Unión de desenvolvemento sustentábel. Sen esta referencia explícita, continuarán a se dar conflitos inecesarios e lamentábeis cos obxectivos do capítulo do ambiente.

Neste momento, as directrices-marco para as Redes de Transporte Trans-Europeas poden-se atopar nos Artigos III-144-145 —propomos eliminar a referencia ao transporte neses Artigos (ver páxina 30).

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 7 TRANSPORTE

Artigo III-137

Qualquer medida adoptada dentro do marco da Constituición respecto dos prezos e condicións do transporte terá en conta as circunstancias económicas dos transportistas **e os requerimentos dos Artigos I-3 e III-4. A Comunidade internalizará progresivamente os custes externos do transporte para asegurar que o principio de quen contamina paga é completamente respectado.**

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

O texto adicional fai o artigo coherente co obxectivo da Unión de desenvolvemento sustentábel e o principio de integración ambiental así como a obriga establecida pola Unión polo principio de quen contamina paga.

Estas referencias son agora necesarias en vista das pasadas incompatibilidades lamentábeis cos obxectivos expostos no Capítulo ambiental e no obxectivo global da Unión, que é o desenvolvemento sustentábel equilibrado.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 7 TRANSPORTE

Artigo III-139

1. A imposición por un Estado-Membro, respecto das operacións de transporte levadas a cabo dentro da Unión, de prezos e condicións que implique qualquer elemento de apoio ou protección no interese dunha ou mais empresas ou indústrias serán prohibidas, salvo que sexa autorizado por unha decisión Europea da Comisión.
2. A Comisión, actuando por iniciativa propia ou a petición dun Estado-Membro, examinará os prezos e condicións aos que se fai referencia no parágrafo 1, tendo en conta en particular os requerimentos dunha política económica rexional apropiada, as necesidades das áreas subdesenvolvidas e os problemas das áreas seriamente

afectadas polas circunstancias por unha banda, e os efectos de tais prezos e condicións sobre competencia entre os diferentes modos de transporte pola outra; **con miras a promover a igualdade de condicións de todos os modos de transporte.**

Após consultar a cada Estado-Membro afectado, a Comisión adoptará as necesarias decisións Europeas.

3. A prohibición prevista no parágrafo 1 non será aplicada às tarifas de concorrência.

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

A Comunidade ten recoñecido frecuentemente a falta dunha igualdade de condicións entre modos de transporte e identificado isto como unha das barreiras-chave para un transporte economicamente eficiente na Unión Europea.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 7 TRANSPORTE

NOVO ARTIGO

Artigo 143a

Todas as infraestruturas de desenvolvemento desenvolvidas pola Unión ou financiadas por fondos da Unión serán submetidas a unha completa avaliación previa ao comezo. Isto implicará investimentos relevantes e incorporará os resultados dunha Avaliación Ambiental Estratéxica así como unha completa Análise Custo-Beneficio.

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

Isto é unha conseqüencia lóxica da obriga da Unión co desenvolvemento sustentábel (Artigo 3).

Esta referencia é necesaria, e regularmente amosou-se que cumpre, co fin de activar as aspiracións de desenvolvemento sustentábel exposto no Artigo 3.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 8 REDES TRANSEUROPEIAS

Artigo III-144

1. Para axudar a alcanzar os obxectivos mencionados nos Artigos III-14 e III-116 e para posibilitar à cidadanía da Unión, operadores económicos e comunidades locais e rexionais a obter plenos beneficios da constituición dunha área sen fronteiras internas, a Unión contribuirá para o establecemento e desenvolvemento de redes transeuropeias nas áreas de ~~transporte~~, telecomunicacións e infraestruturas de enerxía.
2. No marco dun sistema de mercados abertos e competitivos, a acción da Unión será focada para a promoción da interconexión e a interoperabilidade das redes nacionais así como para o aceso a esas redes. Terá en conta en particular a necesidade de ligar illas, rexións sen aceso ao mar e periféricas coas rexións centrais da Unión. **Nas suas accións, a Unión respetará os obxectivos e principios expostos nos Artigos I-3 e III-4.**

Artigo III-145

1. Co fin de alcanzar os obxectivos mencionados no Artigo III-144, a Unión:
 - (a) establecerá unha serie de directrices englobando os obxectivos, prioridades e grandes liñas de medidas previstas na esfera das redes transeuropeias; estas directrices identificarán proxectos de interese común;
 - (b) implementará todas as medidas que se proven necesarias para asegurar a interoperabilidade das redes, en particular no campo da estandarización técnica;
 - (c) pode apoiar proxectos de interese común apoiados por Estados-Membro, que son identificados no marco das directrices mencionadas no punto (a), particularmente através de estudos de viabilidade, garantías de empréstimo ou subsídios de xuro; ~~a Unión pode tamén contribuir, através dos Fondos de Coesión, ao financiamento de proxectos específicos nos Estados-Membro na área de infraestrutura de transportes.~~
- As actividades da Unión terán en conta a viabilidade económica, **ambiental e social** potencial dos proxectos.
- [...]

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

Propomos a eliminación da referencia ao transporte na Sección de Redes Transeuropeias (RTEs). As RTE de transporte (RTE-Ts) están indubidavelmente relacionadas co transporte e afectan a outras políticas de transporte. **Tratá-las baixo un título separado suporia dar-lles demasiada énfase e arriscar con perxudicar os fundamentos da Comunidade en favor destes proxectos a expensas doutros proxectos de transporte que poden ser mais apropiados desde unha perspectiva económica, ambiental e social.** Suporia tamén un risco de fracaso para desacoplar crecemento do transporte e crecemento económico, un principio co que a Comunidade se comprometeu repidamente. Por este motivo, as RTE-Ts deberían ser subsumidas baixo a Sección 7 Transporte.

Outras emendas están animadas polo aseguramento da coerencia co desenvolvemento sustentábel e as políticas de integración ambiental que regularmente foron botadas en falta. Un exemplo é o da extensión proposta da Rede Transeuropeia de Transporte nos países de próxima incorporación como se expón na Avaliación das Necesidades de Infraestruturas de Transporte (ANIT).

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 9 INVESTIGACIÓN E DESENVOLVIMENTO TECNOLÓXICO E ESPAZO

Artigo III-146

1. A Unión perseguirá reforzar as bases científicas e tecnolóxicas da ~~industria~~ *economía* da Unión, *de acordo cos obxectivos de desenvolvemento sustentábel*, e animá-la a se voltar mais competitiva a nivel internacional, así como promover todas as actividades de investigación achadas necesarias en virtude doutros Capítulos da Constituición.
2. Para este fin, a Unión animará, por toda a Unión, às empresas, incluíndo pequenas e medianas empresas, aos centros de

investigación e às universidades nas súas actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico de alta calidade; apoiará os seus esforzos para cooperar, procurando, particularmente, posibilitar aos/às investigadoræs cooperar libremente através das fronteiras e às empresas explotar o potencial do mercado interno, en particular através da apertura dos contratos públicos nacionais, a definición de normas comúns e a eliminación de obstáculos legais e fiscais a esa cooperación.

3. Todas as actividades da Unión baixo a Constituición na área de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, incluíndo proxectos de demostración, serán decididas e implementadas de acordo con esta Sección.

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

- Os fondos da Unión para investigación favorecen desproporcionadamente às tecnoloxías non-sustentábeis, particularmente na área de enerxía. A emenda proposta requirirá que nas súas prioridades de investigación, como noutras áreas de políticas, as accións da Unión devan promover o obxectivo de desenvolvemento sustentábel através, por exemplo, dun apoio mais intenso às tecnoloxías de enerxía renovábel e non para a promoción da enerxía nuclear.
- A substitución da palabra *industria* non animaría polo tanto a sesgar a investigación cara un sector particular.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO III. POLÍTICAS NOUTRAS ÁREAS ESPECÍFICAS

Sección 10 ENERXIA

Artigo III-157

1. En establecemento dun mercado interno e con respecto pola necesidade de preservar protexer e mellorar o ambiente, para minimizar os riscos para a saúde humana a curto prazo e longo prazo e para previr a perigosa interferencia atopoxénica co sistema climático, as políticas sobre enerxía da Unión estarán focadas para:

- (a) asegurar o funcionamento ininterrumpido de un mercado livre de enerxía para toda a clientela,
- (b) asegurar a seguranza do subministro de enerxía de fontes sustentábeis na Unión, e

(c) ~~promover~~ asegurar o incremento contínuo da eficiencia e o aforro enerxéticos e o desenvolvemento de e apoio à formas de enerxía novas e renovábeis sustentábel, e,

(d) asegurar a internalización dos custos externos da produción, transmisión, uso e almacenamento da enerxía.

2. As medidas necesarias para alcanzar os obxectivos do parágrafo 1 serán promulgadas en leis ou leis-marco europeas. Tais leis serán adoptadas após consulta ao Comité das Rexións e ao Comité Económico e Social.

~~Tais leis ou leis marco non afectarán à elección dun Estado Membro entre diferentes fontes de enerxía e à estrutura xeral do seu subministro de enerxía, sen prexuízo ao Artigo III 130(2)(c).~~

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

- ▶ Xunto coa mellora e a protección do ambiente, cualquier política da Unión sobre enerxía debe ademais estar baseada na necesidade de minimizar os riscos a curto prazo e longo prazo para a saúde humana. Aliás cualquier acción da Unión baixo este Artigo debe contribuír para o Artigo 2 (o obxectivo) da Convención-Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (CMNUCC, 199), e para o Protocolo de Kyoto e será coherente cos seus requerimentos. Artigo 2 da CMNUCC: "*O obxectivo último desta Convención e de cualquier instrumento legal relacionado que a Conferencia das Partes poda adoptar é lograr, de acordo coas disposicións relevantes da Convención, a estabilización das concentracións de gas de efecto invernadoiro na atmosfera a un nivel que previria a perigosa interferencia antropoxénica co sistema climático. (...)*"
- ▶ O Capítulo sobre enerxía debería integrar o desenvolvemento sustentábel como un obxectivo primario. En liña coa Comunicación da Comisión Europea sobre integración ambiental dentro da política de enerxía ("Continuación de Cardiff: Informe ao Consello Europeu de Viena de 11-12 de Dezembro de 1998 sobre integración ambiental e desenvolvemento sustentábel dentro da área da política enerxética", 1998), toda acción da Unión sobre enerxía baixo este artigo debería incluír obxectivos claros para políticas ambiciosas sobre eficiencia enerxética e enerxía renovábel sustentábel. O artigo de enerxía na Constitución debería dar prioridade ao desenvolvemento de e o apoio às fontes de enerxía renovábeis sustentábeis. O Capítulo debería asegurar que todos os custos externos asociados coa enerxía son completamente internalizados.
- ▶ O parágrafo 2 constitui unha referencia ao Artigo III-130 par. 2.c, que nós propomos eliminar (ver páxina 26).

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título III Políticas e Accións Internas

CAPÍTULO V. ÁREAS ONDE A UNIÓN PODE DESENVOLVER ACCIÓNS DE COORDENACIÓN, SUPLEMENTO OU APOIO

Sección 2 INDÚSTRIA

Artigo III-180

1. A Unión e os Estados-Membro asegurarán que as condicións necesarias para a competitividade da indústria da Unión existen **e que esta indústria contribue plenamente para o logro dos obxectivos establecidos no Artigo I-3, en particular con respecto ao desenvolvemento sustentábel.**

Para ese propósito, de acordo cun sistema de mercados abertos e competitivos, a súa acción estará dirixida para:

- (a) acelerar o axuste da indústria aos cambios estruturais;

- (b) animar un ambiente favorábel à iniciativa e ao desenvolvemento de empresas por toda a Unión, particularmente pequenas e medianas empresas;
- (c) animar un ambiente favorábel à cooperación entre empresas;
- (d) fomentar unha mellor explotación do potencial industrial de políticas de innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico.
- (e) Tomar todas as medidas necesarias para estimular e guiar ao sector industrial da Unión para minimizar o seu impacto sobre o ambiente.**

[...]

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

O texto adicional fai o Artigo coherente co obxectivo da Unión de desenvolvemento sustentábel e co principio de integración ambiental así como coa obriga establecida da Unión co principio de quen contamina paga.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título V A Acción Externa da Unión

CAPÍTULO III. POLÍTICA COMERCIAL COMÚN

Artigo III-216

A meio do estabelecimento dunha unión aduaneira entre os Estados-Membro, a Unión persegue contribuír, no interese común, para o desenvolvemento harmonioso do comercio mundial, ~~a progresiva abolición das restricións ao comercio internacional e ao investimento extranxeiro directo, e a baixada das alfándegas e outras barreiras~~ *onde isto contribua para os obxectivos primários de desenvolvemento sustentábel e erradicación da pobreza.*

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

- ▶ Os instrumentos de comercio presentan unha ferramenta para a entrega de resultados de políticas específicas. A política comercial común da Unión debería funcionar como un instrumento para a consecución do desenvolvemento sustentábel e a erradicación da pobreza, tendo en conta os principios do Artigo III-129, par. 2, así como o principio de precaución e o principio de quen contamina paga. Cunhas políticas comerciais e ambientais tan ligadas, os requerimentos de integración establecidos no Artigo III-4 terán efecto. A Política Comercial Común (PCC) debería evitar facer recomendacións de políticas específicas que simplemente reflectan a actual moda económica e que serán inevitavelmente desbancadas. No seu lugar debería ser focada para os desexados resultados das políticas de comercio específicas, non para a procura das políticas de comercio específicas como un fin en si mesmas.
- ▶ Unha expansión da competencia da Comisión para cubrir a negociación do Investimento Extranxeiro Directo (IED) representa un incremento moi importante dos poderes da Comisión. O IED ten implicacións para moitas outras áreas da política da UE —incluíndo de desenvolvemento, ambiental, social— mentres que o actual texto da Convención situa a negociación do IED nun contexto puramente comercial e ignora a natureza multifacial, transversal, do asunto. Temos fortes reservas acerca de que sexa dada à Comisión competencia exclusiva para negociar sobre investimento, e confiamos pouco en que este cambio leve à formulación dunha política de investimento que apoie (en lugar de socavar activamente) o desenvolvemento sustentábel. O actual sistema de tomada de decisións da UE sobre políticas de comercio é exercido de modo non-transparente, sen lexitimidade democrática, e cremos que é prematuro estender o alcance deste sistema a outra área de competencia de maior importancia, mentres o que fai ao desenvolvemento sustentábel está aínda inaxeitadamente expresado na elaboración de políticas de comercio. Como mínimo, cualquier incremento nos poderes da Comisión nesta área ten de ser combinado cun pleno incremento no descuido parlamentar para asegurar que o desenvolvemento sustentábel está no corazón da política de investimento.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título V A Acción Externa da Unión

CAPÍTULO III. POLÍTICA COMERCIAL COMÚN

Artigo III-217

1. A política comercial común **promoverá o desenvolvemento sustentábel e** estará baseada en principios uniformes, particularmente con respecto aos cambios de tarifas, à conclusión de tarifas e acordos de comercio relacionados co comercio de bens e servizos e aos aspectos comerciais da propiedade intelectual, ~~ao investimento extranxeiro directo~~, ao alcance da uniformidade en medidas de liberalización, à política de exportación e às medidas para protexer o comercio tais como as que serán tomadas no caso de *dumping* ou subsídios **onde estas medidas non socaben o desenvolvemento sustentábel.** A política comercial común será conducida no contexto dos principios e obxectivos da acción externa da Unión **e contribuir aos obxectivos primários de desenvolvemento sustentábel e erradicación da pobreza.**
2. As leis ou leis-marco europeas establecerán as medidas requeridas para implementar a política comercial común.

3. No caso de que acordos con un ou mais Estados ou organizacións internacionais cumpran de ser negociados e concluídos, serán aplicadas as disposicións relevantes do Artigo III-227. A Comisión fará recomendacións ao Consello de Ministros, que autorizará à Comisión para abrir as necesarias negociacións **após consultar ao Parlamento Europeu. O Consello e o Parlamento Europeu chegarán a un acordo sobre un prazo para a opinión do Parlamento.** O Consello e a Comisión serán responsábeis de asegurar que os acordos negociados sexan compatíbeis coas políticas e regras internas da Unión.

A Comisión conducirá estas negociacións en consulta cun comité especial nomeado polo Consello de Ministros para asistir à Comisión nesta tarefa e dentro do marco de tantas directivas como o Consello de Ministros lle poda emitir. A Comisión informará regularmente ao comité especial e ao Parlamento Europeu sobre o progreso das negociacións.

[...]

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

A política comercial común da Unión debería funcionar como un instrumento para o logro do desenvolvemento sustentábel, tendo en conta os principios do Artigo III-4 e do Artigo III-129, par. 2, así como o principio de precaución e o principio de quen contamina paga. Cunhas políticas comerciais e ambientais tan ligadas, os requerimentos de integración do Artigo III-4 e do Artigo 3 terán efecto.

Unha expansión da competencia da Comisión para cubrir a negociación do investimento extranxeiro directo (IED) representa un incremento moi importante nos poderes da Comisión. Ver páxina 34 para máis detalles. En ausencia de consulta formal do Parlamento Europeu sobre política de comercio da UE, ten que datar ter sido quando menos controllo non-democrático dos aspectos de comercio da Política Comercial Común. A falta dunha responsabilidade democrática é amplamente recoñecida. Os artigos revisados sobre Política Comercial Común e sobre a celebración de Acordos Internacionais (Artigo III-227, ver seguinte páxina) proporcionan o poder do asentimento do Parlamento Europeu sobre acordos de comercio internacionais. Co fin de que a consulta do Parlamento Europeu teña sentido, debería comezar formalmente na fase de mandado da negociación. O Parlamento Europeu proporcionará entón unha aportación às prioridades de negociación da Unión. O Parlamento e o Consello acordarán o tempo para deliberar sobre a opinión do Parlamento Europeu.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título V A Acción Externa da Unión

CAPÍTULO VI. ACORDOS INTERNACIONAIS

Artigo III-227

1. Sen prexuízo das disposicións específicas establecidas no Artigo III-217, os acordos entre a Unión e terceiros Estados ou organizacións internacionais serán negociados e celebrados de acordo co procedemento que segue.
2. O Consello de Ministros autorizará a abertura de negociacións, adoptará directivas de negociación e celebrará os acordos.
3. A Comisión, ou @ Ministr@ de Asuntos Estranxeiros da Unión quando o acordo estexa relacionado exclusiva ou principalmente coa política externa e de seguranza común, submeterá as recomendacións ao Consello de Ministros, que, **após consultar ao Parlamento Europeu,** adoptará unha decisión europea autorizando a abertura de negociacións.

[...]

7. O Consello de Ministros adoptará unha decisión europea de celebración do acordo sobre unha proposta d@ negociador(a) do acordo.

Salvo quando os acordos afecten exclusivamente à política externa e de

seguranza común, o Consello de Ministros adoptará a decisión à que se fai referencia no primeiro parágrafo após consultar ao Parlamento Europeu. ~~—O— Parlamento comunicará a súa opinión dentro dun prazo que o Consello pode establecer de acordo coa urxencia do asunto.~~ **O Consello e o Parlamento Europeu poden, nunha situación urxente, acordar un prazo para a opinión do Parlamento.** En ausencia dunha opinión dentro dese prazo. O Consello de Ministros pode actuar.

O consentimento do Parlamento Europeu será requerido para:

- (a) acordos de asociación;
- (b) adhesión da Unión à Convención Europea para a Protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais;
- (c) acordos de establecemento dun marco institucional específico a meio da organización de procedimentos de cooperación;
- (d) acordos con importantes implicacións orzamentares para a Unión;
- (e) acordos que cubran campos aos que é aplicado o procedemento lexislativo.

O Parlamento Europeu e o Consello de Ministros pode, nunha situación urxente, acordar un prazo para o consentimento.

[...]

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

Os Artigos revisados proporcionan o poder do consentimento do Parlamento Europeu sobre acordos internacionais de comercio. Co fin de que a consulta ao Parlamento Europeu teña sentido, a consulta debería comezar formalmente na fase de negociación do mandado. O Parlamento Europeu proporcionará entón a súa aportación às prioridades de negociación da Unión. O Parlamento e o Consello chegarán a un acordo sobre o prazo para comunicar a opinión do Parlamento Europeu.

PARTE III.

As Políticas e Funcionamento da Unión

Título VI O Funcionamento da Unión

CAPÍTULO I.

DISPOSICIÓN DE GOVERNO DAS INSTITUIZÓNS

Sección 1. AS INSTITUIZÓNS

Subsección 5: O TRIBUNAL EUROPEU DE XUSTIZA

Artigo III-270

1. O Tribunal de Xustiza revisará a legalidade das leis e leis-marco europeas, dos actos do Consello de Ministros, da Comisión e do Banco Central Europeu, que non sexan recomendacións e opinións, e dos actos do Parlamento Europeu destinados a producir efectos xurídicos a terceiros. Tamén revisará a legalidade dos actos dos corpos ou axencias da Unión destinados a producir efectos xurídicos a terceiros.
2. Con este propósito terá xurisdicción en accións emprendidas por un Estado-Membro, o Parlamento Europeu, o Consello de Ministros ou a Comisión por razóns de falta de competencia, violación dun requerimento procesual esencial, violación da Constitución ou de qualquer norma con rango de lei relacionada coa súa aplicación, ou abuso de poder.

3. O Tribunal de Xustiza terá xurisdicción baixo as mesmas condicións en accións emprendidas pola Tribunal de Contas, polo Banco Central Europeu e polo Comité das Rexións co propósito de protexer as súas prerrogativas.
4. Qualquer persoa natural e legal pode, baixo as mesmas condicións, emprender medidas contra un acto dirixido a esa persoa que é afectada de modo directo e individual, e ~~contra un acto regulamentar que lle afecte directamente sen implicar implementación de medidas~~ **ten, ou é provábel que teña, un efecto adverso substancial para os seus intereses.**
5. Os actos que crie corpos e axencias da Unión poden establecer condicións e disposicións específicas relativas às accións emprendidas por persoas naturais ou legais contra actos deses corpos ou axencias destinados a prouzir efectos xurídicos.
6. Os procedimentos previstos neste Artigo serán propostos dentro dos dous meses seguintes à publicación do acto, ou da súa notificación ao/à querelante, ou na súa ausencia, do día en que chegou ao coñecimento deste último, segundo poda ser o caso.

EXPLICACIÓN DAS EMENDAS:

A emenda a este artigo permitirá à Unión ser submissa coas disposicións da Convención Aarhus. A Convención Aarhus sobre o acceso à información, participación pública na tomada de decisións e o acceso à xustiza en asuntos ambientais é o acordo legal internacional mais importante para actuar en democracia participativa. Foi asinada polos 15 Estados-Membro e a Comunidade Europea así como por cada un dos candidatos a Estados-Membro, salvo a Turquía. No entanto, 12 deses Estados ratificaron a Convención, que entrou en vigor en 2001. O acceso ao Tribunal de Xustiza é un elemento esencial de democracia participativa xá que dá responsabilidade à cidadanía para decisións tomadas a nivel europeu.

Protocolo emendando o Tratado Euratom

O Protocolo emendando o Tratado Euratom debería ser eliminado. A CIG debería ou revisar o Tratado Euratom para suprimir a propensión a promover a enerxía nuclear ou abolí-lo en total e incorporar os aspectos regulamentares noutra lexislación.

EXPLICACIÓN:

O Tratado Euratom está deseñado para promover a enerxía nuclear. Asinado en 1957, está claramente desfasado, estando demostrados desde que surxiu os problemas ambientais e de seguranza asociados à enerxía nuclear. Tratar a industria nuclear como un "caso especial" contradí os obxectivos que están detrás da reforma do mercado interno de electricidade, distorcendo o mercado único de enerxía, pondo polo tanto en desvantaxe outras opcións enerxéticas, incluíndo as renovábeis. É tamén contrario às disposicións do Artigo III-4 que requiren a integración dun alto nivel de protección ambiental en todas as demais áreas de políticas da Unión. O Tratado Euratom é agora o único tratado específico de sector restante.

O borrador de Protocolo sobre Euratom adiantado pola Convención só emenda aspectos administrativos do Tratado, para o pór de acordo cos cambios institucionais xerais e financeiros propostos no borrador de Constitución. Non dirixe os aspectos promocionais do Tratado Euratom, e lle permitirá continuar a dar unha axuda especial e exclusiva à enerxía nuclear. Os aspectos promocionais do Euratom deberían ser abandonados.

O Euratom tamén regula a industria nuclear. Funcións específicas do Euratom, tais como as relacionadas coa seguranza pública ou proteccións nucleares, deberían ser repartidas de novo por algunha outra vía. Estes poderes reguladores poden ser, por exemplo, incorporados à Constitución, con medidas específicas promulgadas entón como directivas (leis-marco) segundo corresponda.

Inclusión dun “Protocolo sobre Desenvolvemento Sustentábel”

O texto que segue é o proposto pola Comisaría Wallström a comezos de Maio.

As Green Eight incluíron algunhas **emendas** para mellorar o texto.

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,

DESEXANDO asegurar que a Unión traballe por unha Europa de desenvolvemento sustentábel e contribua para o desenvolvemento sustentábel da Terra, como se establece no Artigo 3(2) e (4) da Constituición respectivamente;

RESOLTAS a establecer as condicións para un logro axeitado destes obxectivos fundamentais da Unión, e para establecer un sistema de control do logro daqueles obxectivos,

CHEGAMOS A UN ACORDO SOBRE as seguintes disposicións, que serán anexadas à Constituición:

1. O desenvolvemento sustentábel é desenvolvemento que satisfai as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das xerazóns futuras para satisfacer as súas propias necesidades. A Unión contribuí para o desenvolvemento sustentábel da Terra.

2. O desenvolvemento sustentábel é un principio e obxectivo fundamental da Unión.

2.a. "A Unión Europea terá unha Estratexia de Desenvolvemento Sustentábel, que será revisada e actualizada periodicamente. Esta incluirá obxectivos, metas e programas concretos para a Unión con respecto ao desenvolvemento sustentábel."

3. Todas as institucións asegurarán que todas as principais propostas políticas e todos os actos legislativos cumpren co desenvolvemento sustentábel.

4. Após propor qualquer iniciativa de políticas fundamentais ou actos legislativos, a Comisión consultará amplamente as dimensións de sustentabilidade das súas propostas, salvo en casos de particular urxencia ou confidencialidade. O Parlamento Europeo e o Consello asegurarán que un procedemento similar é seguido por qualquer emenda fundamental que propoñan.

5. Para lograr o obxectivo exposto nos parágrafos 1 e 2 todas as propostas políticas fundamentais e todos os actos legislativos da Unión, así como emendas fundamentais:

(a) serán precedidos dunha avaliación de impacto da sustentabilidade que cubra as súas consecuencias económicas, sociais e ambientais potenciais; conterán unha exposición explicativa das razóns nas que se basea con vistas a xustificar a súa conformidade co desenvolvemento sustentábel; as razóns deben estar:

(b) substanciadas en indicadores cualitativos ou, sempre que sexa posíbel, cuantitativos;

(c) baseadas no principio de que os seus efectos económicos, sociais e ambientais deberían ser avaliados de modo coordenado **integrado** e tido en conta;

(d) incorporar un balance apropiado dos impactos a curto e longo prazo, tendo en conta as necesidades das xerazóns futuras, **incluíndo o impacto sobre o desenvolvemento sustentábel dos países en desenvolvemento, de acordo co principio de coherencia nas políticas;**

- (e) tomar en conta cómo a acción pode promover e contribuír para un desenvolvemento sustentábel, quer dizer, as vantaxes e desvantaxes potenciais da acción ou falta de acción.
6. O Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión poden incluír un acordo interinstitucional para establecer as modalidades da valoración de impacto.
7. O Parlamento Europeo, o Consello, a Comisión ou qualquer Estado-membro pode obter a opinión do Tribunal de Xustiza acerca de se qualquer proposta de políticas fundamental ou qualquer acto legislativo previsto é compatíbel coas disposicións deste Protocolo.
8. As regras de procedemento necesarias para implementar o parágrafo 5 serán adoptadas de acordo coas disposicións da Constituición sobre adopción das Regras de Procedemento do Tribunal de Xustiza. Durante o procedemento, qualquer insituición ou qualquer Estado-Membro da Unión, así como qualquer parte afectada, incluíndo ONGs de relevo, poden intervir sobre unha base de "amicus curiae".
9. O Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión terán en conta a opinión do Tribunal de Xustiza.

EXPLICACIÓN:

As Green 8 saúdan a iniciativa da Comisária Wallström de engadir un Protocolo Sobre Desenvolvemento Sustentábel à Constituición da Unión Europea. Consideramo-lo complementar à referéncia explícita ao desenvolvemento sustentábel como obxectivo da Unión (Artigo 3).

Tamén procuramos enfortecer o seu propósito de adicionar claridade ao obxectivo de desenvolvemento sustentábel:

- ▶ Nun Protocolo que procura identificar os instrumentos através dos quais a Unión alcanzará o desenvolvemento sustentábel, é importante que a Estratéxia de Desenvolvemento Sustentábel da Unión, como foi establecido no Consello Europeo de Gothenburg (Xuño de 2001), sexa explicitamente mencionada. Aliás, o Protocolo debe asegurar que a Estratéxia será periodicamente revisada e actualizada a fin de que os seus obxectivos, metas e programas para o alcance do desenvolvemento sustentábel sexan feitos mais concretos.
- ▶ Aínda que saudamos o reforzamento do requerimento dunha valoración para todas as iniciativas de políticas e actos legislativos da Unión, é importante que quando estas valoracións sexan guiadas, o sexan dun modo integrado, no lugar de coordinado, usando como base os obxectivos da Estratéxia de Desenvolvemento Sustentábel.
- ▶ A responsabilidade da Unión co logro do desenvolvemento sustentábel global cumpre de ser enfortecida requirindo que o impacto que teñen as políticas da Unión sobre os obxectivos de desenvolvemento sustentábel dos países en desenvolvemento sexa tamén considerado durante o seu deseño e implementación. Tal requerimento reforzará os obxectivos da acción exterior da Unión e o principio de coeréncia nas políticas (Artigo III-193, par. 3 e III-218, par. 1).